

Bloque

Betanzos

Número 15. Epoca 1ª / Xuño 2012

Impreso postal sen enderezo

O BNG oponse á privatización da Escola Infantil do Carregal



Henrique del Río e María Otero

A escola infantil do Carregal funciona mediante xestión privada a pesar de se tratar dun edificio construído en terreos municipais e cos impostos de todos e todas e que agora entregoulle a unha empresa privada. Esta privatización exemplifica as políticas neoliberais do PP que converte os servizos básicos nun negocio para uns poucos que o único que perseguen é o lucro e non o interese xeral da cidadanía. E o fan co amparo do

alcalde do PSOE

Ademais, o PP na Xunta de Galiza subiu as taxas da rede pública de escolas infantís para convertelas nun bocado atractivo para as empresas privadas, ao pasar de 110 a 160 euros na atención educativa, ao igual que subiron as taxas do comedor un 112%, de 33 a 70 euros.

O BNG oponse rotundamente á privatización da escola infantil porque

“O alcalde ampara unha privatización do goberno do PP, que traerá peor servizo e máis caro para os pais e nais de Betanzos e negocio para uns poucos”

os recursos públicos deben servir para financiar servizos para todos e todas, aínda máis no caso da educación pública que ten un evidente papel compensatorio das desigualdades sociais.

Tamén lamentábel é o papel do goberno do PSOE, calado e cómplice, sen facer realmente nada para poñer en valor o carácter público da escola infantil, alén de meras declaracións de prensa, acudindo á inauguración a apoiar a Feijoo e as propostas privatizadoras do PP. Non é coherente predicar unha cousa en Santiago e facer outra en Betanzos, ou incluso posicionarse nun sentido no Pleno municipal e despois facer na práctica o contrario.

O BNG levou a cabo unha serie de iniciativas para defender o carácter público da escola infantil entre elas unha charla para informar aos veciños e veciñas, repartos de información e unha iniciativa no Pleno do Concello de Betanzos.

Edita: BNG Betanzos



www.bng-galiza.org
contacto@bngbetanzos.org



Tamén levamos ao Parlamento de Galiza a queixa dos pais e nais que solicitan a reforma do peche perimetral do patio da escola, xa que a pouca altura que ten permite aos nenos e nenas saír do recinto ou que entre xente desde fóra. Aínda que as persoas responsábeis do centro indicaron que o muro non se vai modificar porque está integrado no contorno do parque do Pasatempo, semella aconsellábel atender antes á seguridade dos nenos e nenas.

O BNG propón crear a mancomunidade de concellos das Mariñas



A depuradora é un dos servizos que pode ser mancomunado para racionalizar o gasto

O BNG defende mancomunar os servizos coma saneamento, transporte público, residuos, turismo ou servizos culturais, pois contribuíría a racionalizar o gasto, mellorar a calidade de vida e estender os servizos públicos ao conxunto dos habitantes das Mariñas.

Porén, Betanzos non está a asumir o seu papel como cabeceira comarcal, deixando de articular a súa zona de influencia natural, o que repercute na calidade de vida da xente. No seu día, seguindo estratexias partidistas, o PSOE integrou a Betanzos na área coruñesa, deixando de lado a nosa condición de

cabeceira comarcal.

Optar por unha mancomunidade de concellos na nosa comarca devolveríanos a condición de cabeceira comarcal que Betanzos non debeu deixar nunca de lado e permitiría achegar máis servizos e a menor custo a todos os veciños e veciñas, tanto de Betanzos como da súa área de influencia. Esta mancomunidade é unha alternativa seria e viábel ás fusiós improvisadas que apadríña o PP.

Paralelamente á creación de servizos mancomunados a través das comarcas, o BNG aposta por suprimir as deputacións provinciais, unhas entidades obsoletas e sen función que gastan máis do 60% dos seus recursos en sosterse a si mesmas. No pasado ano 2010 os galegos e galegas teríamos aforrado 300 millóns de euros se se suprimisen as deputacións.

O PSOE resístese a aplicar a Lei de Memoria Histórica



Cumprindo a Lei de Memoria poñeríase en valor a figura de Antolín Faraldo

Malia contar cunha Lei e varios acordos plenarios, o goberno do PSOE segue buscando escusas para non retirar os franquistas do rúeiro e das honras municipais. Con esa bagaxe e coa defensa da Coroa que fixeron nestes meses, aínda teñen a cara de organizar ofrendas á bandeira republicana.

Presentamos varias iniciativas para mellorar as fontes públicas

O BNG reclamou no Pleno que o goberno local faga análíticas periódicas da auga das fontes. Tamén solicitamos o amaño de diferentes fontes tradicionais, tanto da zona rural como no centro urbano.

O BNG insiste en que o centro de formación ten que ser unha prioridade ante a crise

A creación de emprego ten que ser un dos obxectivos do goberno local. Por este motivo, defendimos no Pleno a vixencia deste servizo público. O centro de formación ocupacional non pode estar pechado e ten que ofertar cursos ás persoas sen emprego.

O BNG pide cobrar o IBI á Igrexa, o PSOE opónse

O valor catastral que suman os 60.000 m² das as propiedades da Igrexa en Betanzos ascende a 3 millóns de euros. O BNG propuxo no Pleno cobrarlles o IBI nos mesmos termos que aos particulares. Serían 15.000 euros máis para o Concello. O PSOE, que en Madrid se apropia desta vella proposta do BNG, votou en contra en Betanzos.

O BNG quiere que o orzamento municipal se faga de xeito participativo e solucione os problemas de Betanzos



O goberno local agardou a que entrasen ben o ano para facer a súa proposta de orzamentos. O compromiso do BNG é impulsar un orzamento participativo e esiximos ao goberno do PSOE que escoite as demandas da veciñanza, tal e como o está a facer o BNG, que celebrou xuntanzas con todas as entidades sociais para recoller propostas.

O BNG defende facer o orzamento de xeito participativo porque supón maior transparencia do gasto público.

Por riba, o goberno local non negocia o borrador dos orzamentos cos traballadores e traballadoras municipais. O orzamento do PSOE recolle a supresión dos contratos dos operarios do GRUMIR, mantendo encargados e xefes de grupo, que quedan sen traballadores e traballadoras aos que repartir labores. Ademais, o PSOE quere suprimir 14 prazas vacantes e privatizar os servizos de limpeza e xardinería.

E dentro desta política discriminato-

ria, queren repartir preto de 100.000 euros "a dedo" entre as asociacións que o propio goberno escolle, sen ningún criterio obxectivo. Algún destes convenios pode ser necesario, como o da ANPA ou o de ACEBE, pero este proceder como regra fomenta o clientelismo político e a discriminación.

O BNG propón que as subvencións que reparte o goberno municipal sexan distribuídas mediante convocatorias públicas ás que poidan acceder todas as asociacións de Betanzos e non só as que o PSOE queira. A desvergonza do PSOE é tal que antes criticaba este proceder cando gobernaba o PP e agora o reproduce. Dar axudas a dedo é unha maneira de comprar votos e impide que aparezan novas asociacións no concello porque non todas teñen as mesmas oportunidades para acceder a subvencións municipais.

O BNG vota contra os orzamentos do Estado porque non amañan a crise e son propaganda

1.500 millóns de euros menos para cursos de formación e para orientar na busca de emprego. 623 millóns de euros menos para educación, suba de taxas universitarias e despedimento de 2.000 mestres. 365 millóns de euros os fondos para Sanidade, facendo que as persoas pensionistas paguen como mínimo un 10% do prezo dos medicamentos e traballadores e traballadoras até un 60% do prezo. 283 millóns menos en Dependencia, que podería supor non atender as persoas e despedimentos de persoal. En canto a Violencia de Xénero o PP recorta o 21%, en Investigación o 25% e no acceso á vivenda un 31%, mentres a Igrexa Católica continuará a recibir os mesmos 5.700 millóns de euros durante o ano 2012, a Casa Real só

reduce o orzamento nun 2% e o Ministerio de Defensa unicamente rebaixa un 8%.

No caso de Betanzos, os recortes para a rehabilitación de vivenda afecta moi negativamente na posta en valor do Casco Histórico. Repítese unha cantidade ridícula para facer outra circunvalación, que Fomento reconece que

non é imprescindible. Pola contra, non hai nada para mellorar a seguridade viaria nas N-VI e N-651, que atravesan núcleos moi poboados en varios concellos da comarca. O BNG alegrase de que por fin se incluíse unha partida para sanear a Ría de Betanzos, como levamos anos propoñendo, e esperamos que non quede só en propaganda.



Por fin hai unha partida para sanear a ría. A xente agarda que non quede só en propaganda

En Bloque podemos!!



ASÍ NON SAÍMOS DA CRISE

O “programa de reformas” do PP son as políticas neoliberais da Unión Europea que levan fracasando máis de 3 anos. Son as políticas económicas pactadas na anterior lexislatura por PSOE e PP (reforma sistema financeiro, reforma fiscal, reforma Constitución, aceptación da política de recortes sociais, ...) e que contaron coa oposición clara do BNG. Non reactivan a economía, non crean emprego e rouban á sociedade os dereitos laborais e sociais conquistados historicamente.

Por iso o BNG defende a democracia, os intereses da maioría da sociedade, non os intereses dos mercados. Por iso o BNG defende a soberanía, para que as decisións se adapten ás distintas realidades económicas e sociais.

QUE FIXO A XUNTA EN 3 ANOS?

Temos o peor goberno e o peor presidente da historia de Galiza. Quen ía solucionar a crise en 45 días, deixa a Galiza peor que hai 3 anos con 277.000 parados e paradas. Desde que goberna Feijoo o paro aumentou un 31,4 % en Galiza (24 % no Estado). 1 de cada 3

mozos e mozas menores de 24 anos está en paro. Medra a desprotección social, cae a produción industrial e deteriáronse todos os sectores económicos: sector naval, explotacións agrogandeiras, turismo, etc. A débeda de Galiza duplicouse.

A autopropaganda de “bos xestores” non se corresponde cos feitos. O obxectivo da Xunta foi que o PP chegase ao goberno español, e agora que Rajoy non teña problemas, aínda que prexudique a Galiza.

O BNG TEN ALTERNATIVAS

O BNG defende propostas concretas e factíbeis fronte ás actuais políticas regresivas, apostando por instrumentos económicos e financeiros para garantir a soberanía, a activación económica e os servizos públicos e sociais:

Unha banca pública galega: ademais dunha reforma do sistema financeiro que regule a banca privada, beneficiaria de fondos públicos e con inxentes beneficios en plena crise, o BNG defende a creación dunha banca pública galega, existente noutros países, para que o aforro galego estea ao servizo

da economía produtiva, do investimento público e da cidadanía. Para isto propoñemos unha fórmula concreta e factíbel adquirindo desde a Xunta de Galiza os fondos públicos do FROB destinados a NGBanco.

Un novo modelo de financiamento para Galiza: Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, como a sanidade ou a educación. Por iso, o BNG avoga porque Galiza exerza de verdade a súa soberanía fiscal, que implicaría a territorialización dos tributos e capacidade normativa e de xestión sobre os mesmos, contando cunha Axencia Tributaria Galega.

A reforma fiscal progresiva: o BNG xa propuxo unha alternativa de política fiscal que permitiría recadar 32.000 millóns máis ao ano (gravames máis altos para rendas superiores a 100.000 euros, gravames progresivos nas rendas de capital, imposto sobre grandes fortunas, revisar as deducións do Imposto de Sociedades para grandes empresas, actuación contra a fraude fiscal).

Tamén existen alternativas ás actuais políticas de redución do gasto:

A redución de gasto burocrático improductivo: redución drástica do gasto militar e da Casa Real; abandonar as operacións militares no exterior (1 millón de euros ao día en Afganistán), a supresión das deputacións provinciais (6.700 millóns no Estado e 477 en Galiza), a supresión da estrutura periférica do Estado e da central con competencias transferidas; a revisión do financiamento e exencións fiscais da Igrexa católica.

Como contactar co BNG de Betanzos:
Travesía da Torre, 2, 1º • 15300 Betanzos
Telefono: 981 776 466 / 981 776 467
contacto@bngbetanzos.org
www.bng-galiza.org/betanzos

Como contactar co BNG Nacional:
Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

